

BASES “XII Certame De Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño”

DATA DE CELEBRACIÓN: 18 Agosto de 2024.

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño e Vila Nova de Cerveira (Portugal).

1. Poderán participar persoas maiores de idade e nenos e nenas acompañados por adultos, que serán os seus responsables en todo momento.
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que cada participante deberá descargar da páxina web da Eurocidade Cerveira-Tomiño. O procedemento e a técnica serán libres.
3. A obra deberá realizarse ao aire libre, do natural (non se permite a utilización de fotografías) e in situ. En todo momento, os participantes serán os únicos responsables da elección da ubicación e as condicións derivadas da mesma. O incumprimento por parte dos participantes desta norma suporá a descualificación automática do concurso.
4. A efectos do seguro e de organización, os participantes deberán, no momento da inscrición, escoller se van pintar na parte de Vila Nova de Cerveira ou na de Goián, sen posibilidade de cambio o día do Certame. Para este fin habilitarase unha casa que deberán marcar coa súa elección na mesma páxina web da inscrición.
5. A inscrición será gratuíta e farase desde o día de publicación destas bases ata as 14h (hora de Galicia) do 16 de Agosto de 2024 a través da páxina web da Eurocidade. <https://eurocidadecerveiratomiño.eu/> por rigorosa orde de inscrición. A inscrición deberá facerse de maneira online. Non se permitirán as inscricións presenciais o día do certame.
6. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 11:30 horas (8:30 e 10:30h de Portugal) na aula Museo Antonio Fernández na praza Pintor Antonio Fernández de Goián (Tomiño), co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.
7. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabaleta ou soporte.

O soporte (agás no caso da categoría infantil que será de libre elección) deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro etc.)/ etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Presentarase en branco

0021_REDE_GOV_MINHO_1_P cofinanciado al 75% por la convocatoria INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER de la UE

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

sen textura e sen ningún tipo de marco, (mínimo de 50 x 50 cm-2.500 cm²-, e máximo de 100 x 100 cm. -10.000 cm²-). Deberase pintar in situ e do natural.

8. As obras rematadas serán presentadas, sen asinar e con título (escrito no reverso), xunto co cabalete, para a súa exposición na Praza Pintor Antonio Fernández (Goián), e colocadas nos espazos habilitados para este fin, entre as 17:00h e 18:00h (16:00 e 17:00h de Portugal) do mesmo día do certame, co obxecto de que o xurado inicie a súa cualificación. Só se admitirá unha única obra por artista. As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.
9. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por integrantes das entidades patrocinadoras dos premios, reunirse a partir das 18:00 horas (17:00h de Portugal) do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 18:30 horas (17:30h PT).
10. Os premios establecidos serán os seguintes:

Categoría adultos:

- 1.º Premio: 1.200 euros.
- 2.º Premio: 500 euros.
- 3ª Premio: 500 euros.
- 3 accésits: 100 euros cada un.

Categoría infantil (ata 11 anos):

- 1.º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 50€.
- Diploma e obsequio para o resto de participantes.

Categoría xuvenil (de 12 a 17 anos):

- 1.º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 100€.
- Diploma e obsequio para o resto de participantes.

Na categoría adultos o 1.º premio e os 3 accésits serán con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño; o 2.º Premio correrá a cargo da Comunidade de Montes de Goián; e o 3.º Premio a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira. Nas categorías infantil e xuvenil os primeiros premios correrán a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira e os obsequios de participación a cargo do Concello de Tomiño.

*0021_REDE_GOV_MINHO_1_P cofinanciado al 75% por la convocatoria INTERREG VA
POCTEP, fondos FEDER de la UE*

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre as ditas cantidades as retencións legalmente establecidas. Para o seu cobro deberase facilitar a documentación indicada pola organización en cada caso. Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome. Se o xurado o estima oportuno, algún dos premios podería quedar deserto.

11. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.
12. As autoras e autores non premiados poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 18:30 e as 19:30 horas (17:30 a 18:30h de Portugal), sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.
13. As persoas participantes que o decidan poderán deixar en exposición a súa obra durante dúas semanas co fin de atopar un posible comprador/a. As obras expoñeranse na sala de exposicións do Centro Goianés (Goían) ou nun local cultural alternativo. Os/as artistas deberán facilitar os seus datos de contacto e o prezo da obra, que serán comunicados ao público. O Concello de Tomiño non fará de intermediario nunha posible venda en ningún caso e serán as persoas interesadas as que contacten directamente cos artistas. O Concello de Tomiño tamén queda exento de toda responsabilidade en canto á custodia e/o seguro por roubo ou danos de calquera das obras expostas.
14. Quen decida deixar as súas obras en exposición, poderá recollelas entre o 2 e o 6 de setembro na Casa do Concello de Tomiño, acreditando a súa identidade, en horario de luns a venres entre 10 a 14h. Tras este período, as entidades organizadoras poderán dispoñer das obras que non sexan recollidas para o destino que estimen máis conveniente.
15. O Concello de Tomiño, que en todo caso velará pola boa conservación das obras, non se fai responsable de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.
16. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

*0021_REDE_GOV_MINHO_1_P cofinanciado al 75% por la convocatoria INTERREG VA
POCTEP, fondos FEDER de la UE*

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO